Asociación de Veciños
"Polígono de Vite"
Rúa Domingo A. de Andrade, 8-baixo
*Tel / Fax: 57 39 42 * 15704 Santiago*

PLAN SOCIO-COMUNITARIO DO BARRIO DE VITE

Santiago de Compostela

DOCUMENTACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE DESENVOLVIDA NO ANO 1997

3.- MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO ANO 1997 E ACORDADAS SEGUNDO O CONVENIO SUSCRITO

No último trimestre do ano producíronse dous feitos relevantes en relación coa dinámica anterior do Plan Comunitario; feitos ambolosdous importantes, cada unha no seu nivel:

- Por unha parte alúgase un novo local que permite realizar varias das actividades programadas dende hai tempo e paralizadas por falla de espacio onde levalas a cabo, tendo en conta que seguimos sen poder utilizar os locais do Centro Socio-Cultural Municipal ubicado no barrio. Este novo local está na Avenida de Castelao, 22 baixo, pasando a ser a sede do Plan Socio-Comunitario e da Asociación de Veciños. O local de Domingo de Andrade, 8 baixo, queda destinado a albergar o Taller Ocupacional Pre-laboral.

- Por outra parte, a comenzos do curso 1997/98, ponse en funcionamento a Escola de Pais/Nais, no que viñemos traballando dende o pasado curso escolar.

No desenvolvemento da memoria, describiremos en liñas xerais, como en anos anteriores, as actividades máis siñificativas desenvolvidas ó longo do ano 1997, nos tres diferentes ámbitos de actuación definidos no Proxecto: Comunitario, Escolar e Socio-Laboral.

AMBITO COMUNITARIO

a.- PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E EDUCACIÓN ACTIVA

*** *Punto de Información Xuvenil "Triquiñola"*.-**

Dende xaneiro de 1995 está integrado na Rede de Información Xuvenil da Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Está Dirixido especialmente a mocidade do barrio, si ben en temas como a expedición do Carné Xove, acude xente de toda a cidade. Durante este ano fíxose unha campaña de promoción do PIX, reordenouse toda a información recibida, elaboráronse cuaderniños informativos, etc.

Veu funcionando diariamente de 16 a 18 horas, de luns a venres; e de 20 a 22 horas os xoves e venres no local social da Coordenadora de Barrio. Está levado por membros da Comisión de Tempo Libre da Coordenadora.

*** *Periódico do Barrio "Curriculum Vite"*.-**

Cunha periodicidade bimensual vense elaborando un periodico de catro páxinas en tamaño de prensa comercial que recolle as noticias, xeneradas na propia dinámica do Plan Socio-Comunitario, a información das distintas entidades e servicios do barrio e dos veciños /as que se van animando a participar no mesmo coas súas aportacións, con seccións fixas de diversos temas: Saúde (a cargo dos profesionais do Centro de Saúde de Vite), ensino, etc. e de diversas colaboracións. Ten unha tirada de 2000 exemplares que se distribúen en tódalas vivendas do barrio, bares, comercios, servicios públicos, etc.

Todo o traballo (recollida de noticias, fotografía, dibuxos, diseño, maquetación, elaboración, distribución, etc.) que xenera esta actividade, excepto a impresión, realízase no barrio, sendo responsabilidade do *Consello de Redacción* dependente da Coordenadora de barrio, que está integrada por membros das entidades do barrio e outros veciños a título individual.

*** *Biblioteca Popular*.-**

Durante o ano continuouse desenvolveuse unha campaña de recollida de libros, tanto en editoriais e institución, como entre propios veciños do barrio coa intención de pór en funcionamento nun futuro próximo unha biblioteca no Local Social da Coordenadora a disposición de todo-los veciños interesados. A súa posta en marcha vese dificultada pola carencia de espacio e unha infraestructura axeitadas. Co aluguer do novo local este problema queda solucionado, polo que a partir de este ano comezará a funcionar regularmente.

*** *Escola dinámica de Adultos*.-**

Leva seis anos en funcionamento. Durante este ano 1997 continuou funcionando a Escola de Adultos dirixida a toda a poboación do barrio interesada, maior de 16 anos. A actividade desenvolveuse en tres niveis: Alfabetización, Formación Básica e Graduado Escolar e Post-graduado. O número de alumnos ó longo do curso foi de 31 participantes. Na mesma houbo un alto porcentaxe de mulleres.

Algunhas alumnas nunca foron a escola na idade escolar, e outras abandonaron moi cedo a mesma, a maioría sin certificado de escolaridade, esto ocurre nas persoas de máis idade. Hai outro grupo de persoas máis xoves que fracasaron na escola, deixando a EXB, que estan en situación de desemprego.

As idades dos participantes na Escola oscilan entre os 31 e os 72 anos.

A actividade consistiu en desenrolar contidos teóricos nas clases para os tres grupos diferenciados, así como tamen na realización de actividades extraescolares que contribuiron ó proceso formativo dos alumnos/as. Neste senso realizaronse varias charlas-coloquio sobre diversos temas de saúde, educación, etc., temas cotians e de actualidade. Lévaronse a cabo diversas saídas culturais de interes, programas de animación a lectura, etc.

Os tres cursos, tanto o de Alfabetización, como o de Educación Básica e o de Graduado Escolar, veñen desenrolandose dende o mes de Xaneiro ate Xuño, reanudanándose en Setembro ate finais de ano.

O horario semanal que se veu mantendo durante todo o ano foi de 18 a 21 horas de luns a venres.

As clases estiveron impartidas por duas monitoras e coordenada pola Psicóloga contratada. Continuase desenrolando no local social da Coordenadora de Barrio. Este ano, de novo contamos cunha pequena aportación económica da Consellería de Educación para o seu funcionamento.

*** *Aulas de Apoio*.-**

Dende o ano 1.991 vimos priorizando a posta en marcha da globalidade do **Proxecto Educativo do Barrio**, un ambicioso proxecto que abrangue dous grandes programas: A *Escola Dinámica de Adultos* e a *Aula Aberta de Educación* (programas educativos concretos relativos a actividades e diversos obradoiros que desenrolen as capacidades artísticas, de creatividade, etc. dos rapaces/as, e en relación cos contidos do ensino reglado.

No mes de Outubro do 1994 púxose en funcionamento o programa ***Aulas de Apoio*** dirixidos a todos os rapaces e rapazas do barrio interesados que se inscribiron previamente, tendo que abonar unha cuota mínima mensual, que nos casos de imposibilidade económica familiar, son becados pola Asociación de Veciños.

Este programa consta de tres apartados complementarios:

* Traballar os contidos das clases regladas dos participantes, que pertenecen a todos os niveis do ensino non universitario.

* Facilitar asistencia individualizada psico-pedagóxica: Técnicas de Estudo. Seguimento e tratamento de diversas problemáticas de aprendizaxe.

* Obradoiros de: Manualidades. Fotografía. Música tradicional-elaboración e aprendizaxe de instrumentos. Expresión oral e literaria.

Todalas actividades do Programa desenrolanse diariamente de luns a sábado, pola semán de

17 a 18 horas e os sábados pola mañán, no Local Social da Coordenadora de Barrio.

Este programa é levado polas mesmas persoas que levan a Escola de Adultos. O seu seguimento faise dende a Comisión de Educación da Coordenadora de Barrio.

Para o seu desenvolvimento, non contamos con ningún apoio por parte de ningún estamento da Administración.

* <u>*Escola de Pais/nais de Vite*</u>.-

Neste ano que ven de rematar, cristaliza a idea da **Escola de Pais/nais** que levabamos traballando dende tempo atrás.

Púxose en funcionamento a comezos do curso 1997/98. Promóvese a través da APA do Colexio de Primaria de Vite, contando coa colaboración da dirección do propio Colexio.

Os obxectivos definidos de principio son básicos, sen pretender nada moi ambicioso tendo en conta que é un proxecto novo, preferindo afianzalo, darlle firmaza no seu prantexamento, para que posteriormente se vaia marcando o seu propio ritmo.

A idea parte de crear un grupo de aprendizaxe cunha premisas mínimas: As persoas aceptan formar parte dese grupo. Que o grupo non sexa moi numeroso, para que ninguén se sinta perdido/a, ou a marxe, de xeito que permita que todos/as participen activamente, esteñan interrelacionados/as. Onde cada quen poida expresar libremente os seus sentimento e vivencias, para compartir cos respantes membros do grupo, fomentando o debate, aceptando as críticas, etc.

Neste grupo que ven de constituirse en Outubro do 1997 coinciden persoas con experiencias distintas e posturas diversas que favorecen o intercambio facendo que resulte máis enriquecedor. É un grupo que apunta unha importante capacidade de participación nos temas que se abordaron, non sendo simples espectadores/as que se limitan a escoitar.

Os obxectivos baseanse na idea de facilitar recursos ós pais/nais, tanto no campo do "coñecimento", como no das "actitudes" ou no campo do "aprendizaxe en grupo", como no das "vivencias persoais", relativos, tanto a súa relación cos fillos/as, como a súa interación de parella. Onde poidan analizar as súas propias actitudes, melloralas ou cambialas para proporcionar unha axuda máis eficaz ós fillos/as. Onde poidan intercambiar as súas ideas con outros pais/nais.

En relación cos contidos programados para tratar na Escola de Nais/Pais, inclúen temas pedagóxicos: Liberdade na educación; Toma de decisións; Premios e castigos; Etc. Temas didácticos: Suspensos; Problemas con determinadas asignaturas; Etica ou relixión; Etc. Temas familiares: Familia e escola; Relacións de parella; Relación cos fillos/as; Autoridade e liberdade, Etc. Temas ambientais: A rúa; As pandillas; O xogo; O vestido; etc.Temas administrativo-lexislativos: Plans de Estudios; Estudios europeos; Becas e axudas escolares; Etc.

Outros temas de interese definidos polo grupo maioritariamente, tanto no aspecto evolutivo (infancia, pubertade, adolescencia, ...), como no persoal (o neno/a hiperactivo, a nena/a superdotada, a imaxe de sí mesmo, os medos, ...) Ou no ámbito social (a nena/o marxinada, o neno/a tímido, saber comunicarse, ...).

Durante o primeiro trimestre do curso 1997/98, e decir no último trimestre do ano 1997, viñeron participando asiduamente doce persoas (dez nais e dous pais) dos alumnos/as de Educación Infantil. Funciona en sesións semanais, os martes en horario de 17 a 18,30 horas, nos locais do Colexio Publico de Primaria de Vite II.

b.- PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN NO TEMPO LIBRE

* ***Obradoiros de Educación Ambiental e Tempo Libre***.-

Dirixidos a nenos/as menores de oito anos. Veñen participando entre 20 e 30 semanalmente. Teñen lugar os Sábados de 11'30 a 13'30 horas nas Praziñas de Belén, diante do local, si o tempo o permite, se non é así fanse dentro.

Os obradoiros son levados pola Asociación de Educación Medio-ambiental "Choupín", e o seu seguimento faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

* ***"IX Festa Ecolóxica"***.-

Dirixida a todolos veciños do barrio. Contou cunha participación de 76 persoas, maioritariamente nenos/as e mozos/as. Como sempre esta actividade permitiu que os participantes pasaran un día de convivencia en contacto coa natureza, e aproveitaran para recoller material e datos que, con posterioridade, seguirán traballando no barrio ó longo do ano, ven no grupo de actividades medio-ambientais, ou na Escola de Adultos, dependendo dos casos.

Tanto a programación como o seguimento da actividade, faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

* ***"VI Colonias de Verán"***.-

Dirixidas os nenos e nenas do barrio, de 8 a 14 anos. Nelas participaron 25 rapaces/as, que abonaron unha pequena cuota de inscripción, salvo aqueles, que pola situación de precaridade económica familiar, foron becados pola Asociación de Veciños, que correu con todo-los gastos das Colonias, salvo os pequenos ingresos por inscripcións.

Tiveron lugar na segunda quincena de Xullo, no Concello de Ribadavia, tendo como centro de operacións o Colexio Público de Primaria. A súa organización e realización correspondeu, un ano máis, a Asociación de Tempo Libre "Ollomol", integrada por mozos do barrio. Nas mesmas participaron como monitores 5 persoas, ademais de 5 mozos de 15-16 anos, que acudiron as mesmas co obxecto de formarse de acara a asumir responsabilidades en anos posteriores.

O seguimento das Colonias faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

* ***VI Olimpiada Deportivo-Cultural do barrio de Vite***.-

Dende hai seis anos vimos mantendo unha intensísima actividade como comenzo do curso, e reinicio de toda a actividade logo do verán. Este ano baixo o lema *"Participar o mellor conVite"* comezouse coas actividades culturais e a **"XI Semán de Cine o Aire Libre"**, que tivo lugar entre os días 8 e 12 de Setembro nas Praciñas de Belén, coa proxección dunha película diaria a noitiña, dirixida a especialmente ós máis novos do barrio.

Durante as duas primeiras semáns houbo diversas actividades culturais: Representacións teatrais, pintura de carteis e murais, xogos de descuberta do barrio, inaugurouse unha exposición de

materiais das actividades que se veñen desenvolvendo no barrio dende o ano 1987, que estivo aberta ó público ata finais de mes. Paralelamente, fixéronse as inscripcións para participar nas competicións deportivas que se celebraron dende o día 15 ate o 27 de setembro, cunha intensa actividade diaria dirixida a todolos veciños do barrio sin límites de idade, distribuidos nas diversas especialidades: Futbito, Baloncesto, Balonvolea, Chave, Xogos de Mesa (Damas, Parchís, Tute, Dominó, Xadrez, Escoba), Maratón, Ciclismo, Patinaxe, Tenis de Mesa, Badminton, Xogos Populares: Chave, Estornela, Canicas, Chapas, Brilé, Corda. Rematando a clausura da Olimpíada cun gran Festival de música Folk . As competicións, como o pasado ano, fixéronse dividindo ós participantes en sete categorias por idades: Menores de 10 anos, de 11 e 12, de 13 e 14, de 15 e 16, de 17 a 20, de 21 a 30, e maiores de 30 anos.

O longo destes días, e dada a gran acollida da Olimpiada, vímonos obligados a limitar a participación nos deportes colectivos a equipos feitos no barrio, permitindo só dous "extranxeiros" por equipo. Con todo a participación no total das actividades superou as 1000 persoas.

Na Clausura, que tivo lugar o día 27 no polideportivo municipal, coincidindo coas finais das competicións deportivas, estando amenizada por un grupo de música tradicional galega. Como en anos anteriores, entregouse un diploma acreditativo e unha camiseta conmemorativa da Olimpiada a todolos participantes.

A organización da Olimpiada correu a cargo dunha Comisión específica, o Comité Organizador, que veu traballando dende o mes de Xuño, dependente da Coordenadora de Barrio, e integrada polos membros da Comisión de Deportes da propia Coordenadora e outros veciños que se integraron con fin de reforza-la.

*** *Actividades nas Conmemoracións Tradicionais*.-**

Como en anos anteriores, ó longo de 1997 viñeronse desenrolando actividades puntuais coincidindo coas datas de celebración das festas tradicionais: Androido; Letras Galegas; San Xoan; Magosto e Nadal.

c.- ORGANIZACION SOCIAL

Continuouse promovendo a organización social do barrio, tanto en relación co fomento do asociacionismo, como na consolidación da Coordenadora como elemento aglutinador que permite manter a visión global do Proxecto e aunar esforzos e recursos.

AMBITO ESCOLAR

A intervención no Instituto de Bacherelato "Xelmirez II".-

A intervención centrouse básicamente no Instituto de Bacherelato "Xelmirez II". Logo da formalización da relación entre este Instituto e o Plan Socio-Comunitario, realizada a comenzo do curso 1992-93, coa aprobación do Programa de actuación por parte do Consello Escolar, logrouse unha maior sistematización da labor que se viña facendo en anos anteriores.

A actuación desenvolvida ata o remate do curso 1996/97 e primeiro trimestre do curso 1997/98, foi fundamentalmente dirixida á prevención de posibeis inadaptacións escolar-social-familiar dos alumnos/as, así como a orientar e asesorar aos alumnos/as, fomentando a relación do Centro co entorno e viceversa. Traballase en colaboración con tódolos estamentos da comunidade educativa (pais/nais, alumnos/as e profesorado).

Esta intervención basease fundamentalmente na continuidade da laboura desenvolvida nos cursos pasados:

a.- En relación cos alumnos/as:

* Ao longo de todo o curso, realizáronse diversas entrevistas con alumnos/as, a nivel individual, de tódolos cursos. Estas entrevistas foron, ou ven a petición dos proprios rapaces/as, a través do profesorado/dirección, ou da familia. Facendo logo un seguimento dos casos ao longo do curso.

Os motivos destas entrevistas foron diversos. Os alumnos buscaban asesoramento en temas como:

- Problemas académicos (que facer, seguir ou non estudando, etc)
- Problemas familiares e sociais.
- Orientación profesional/vocacional acerca das diferentes alternativas educativas e profesionais, sobre problemas persoais (socio-afectivos, psicolóxicos, ...), etc.

* Alumnos/as que presentaban problemáticas que requirían un tratamento máis continuado, dado que presentaban sintomatoloxías patolóxicas, foron derivados, logo dunha entrevista coa familia, a centros específicos para tratar a problemática, e tiveron unha asistencia psicolóxica, escomenzada xa no curso pasado

* En ámbolos dous casos, preventivo e tratamento, recolléronse datos procedentes do campo persoal, familiar, escolar e social do alumno/a, realizando o seu seguimento.

* A comezo do curso, mantivéronse xuntanzas cos delegados/ representantes de curso, informando sobre o ***Taller de Orientación***, para que lle fora transmitido ao resto dos seus compañeiros.

* Traballase na coordinación e organización de actividades. Tanto fomentando a maior participación dos alumnos/as do Instituto nas actividades do barrio; como tamén potenciando a súa integración e participación nas actividades organizadas polo proprio Centro, e nas actividades extraescolares.

* Repartíronse as guías de orientación, elaboradas no curso anterior, aos alumnos/as do Centro.

* Realizouse o seguimento e asesoramento aos alumnos/as que abandoaron o Centro sen rematar os estudos.

* Elaborouse documentación de información sobre temas de interese xuvenil: Estudos, bolsas, asociacionismo, viaxes, carné xoven, etc., que estivo a disposición do alumnado na biblioteca do Centro. Mantendo contacto para maior información e asesoramento co Punto de Información Xuvenil (PIX) "Triquiñola" da Coordenadora de barrio.

b.- En relación co profesorado:

Para poder realizar cos alumnos, as funcións e actividades educativas descritas foi necesaria a colaboración e apoio da dirección, a coordinación e interrelación co profesorado do Centro en xeral, e cos titores en particular. Neste senso, compre destacar a súa sensibilización, o que se plasmou nunha grande colaboración e participación.

* Colaborase cos titores, dándolles información sobre características socio-pedagóxicas de algunhos dos seus alumnos/as; tamén facilitando-lles datos sobre a historia escolar, capacidades, actitudes e interese dos alumnos /as, que lles foran útiles na súa función docente.

* Colaborase e fixose asesoramento na utilización de materiais e recursos que facilitan o proceso de ensino-aprendizaxe. .

* Realizouse asesoramento, mediación e fomento das relacións titor/ familia dalgunhos alumnos/as.

* Continuase colaborando co programa de educación para a saúde. Desenrolase, conxuntamente cun grupo de profesores, un ***Taller de Educación para a Saúde*** con carácter permanente durante o curso, de Novembro a Maio.

* Colaborase cos profesores/titores na detección de dificultades de aprendizaxe e/ou de adaptación social e/ou familiar de algunhos alumnos/as, buscando conxuntamente estratexias de intervención.

* Fíxose unha valoración conxunta con algún profesor/titor sobre avaliación socio-pedagóxica individual de algún alumno/a. Facendo logo o seu seguimento e tratamento a seguir.

c.- En relación cos pais/nais:

* Realizáronse entrevistas con familias, en situacións que se considerou necesario, para recoller información e establecer canles de colaboración.

* No caso de alumnos/as que presentaban algunha problemática familiar, tentouse facer unha laboura de seguimento coa familia, dándose resultados positivos, aínda que é un traballo lento e a súa recuperación non sexa inmediata. A maioría destes casos, foi seguimento do curso anterior.

* Informouse ás familias sobre aptitudes e capacidades dos seus fillos/as, en algúns casos, porque a propria familia o demandou; e noutros, chamando aos pais, porque se consideraba necesario e oportuno.

*** A intervención no Colexio de Primaria "Vite".-**

Dado que desapareceron as dificultades insalvables para poder desenvolver unha acticvidade continuada no centro que padecemos dos últimos cursos, e que dende a dirección do Colexio de Vite

nos ofertaron a posibilidade de retomar o traballo que viñamos realizando no centro durante os primeiros anos do Proxecto, presentamos de novo as nosas propostas, que agardamos se concreten en actividades prácticas ó longo destes primeiros meses do ano 1998 que corresponden co segundo trimestre do curso.

AMBITO SOCIO-LABORAL

* Taller Ocupacional Pre-Laboral

Dirixido ós mozos e mozas do barrio con especiais dificultades de inserción no mundo laboral. Durante este ano, continuou en funcionando diariamente de 9 a 15 horas, de luns a venres, no local social da Coordenadora de Barrio, sendo o seu principal obxectivo educar ós participantes no cumprimento dun horario e dunhas normas de funcionamento, que lles serán imprescindibles para adaptarse ó mundo laboral. Complementase coa información e asesoramento en xeral, e de saídas laborais, en particular.

O longo do ano 1997 participaron no taller 32 mozos/as, dos cales: Cinco, están na actualidade traballando en distintas empresas da Cidade, na maioría dos casos en situación de precaridade laboral; Catro voltaron a dedicarse a estudiar; Tres foronse a facer o Servicio Militar ou Prestación Social; Seis fóron deixando de asistir debido a unha situación persoal de forte inadaptación social derivada de recaídas na drogodependencia. Os catorce restantes, que é a cabida que ten o local, continuan no taller. Habendo continuamente "lista de espera" para entrar no mesmo.

De novo este ano retomouse a iniciativa comenzada o pasado ano de cara a pór en funcionamento unha nova alternativa laboral dentro do propio Taller, consistente en ofertar ás empresas da Cidade un grupo de persoas, os que integran o Taller, dispostas a facer traballos puntuais, e tendo como contacto o teléfono do Local Social da Coordenadora en horario do Taller, de 8 a 15 horas.

A coordenación do Taller Ocupacional é levada polo Educador contratado. O seguimento do mesmo faise dende a Comisión Socio-Laboral da Coordenadora de Barrio

* Educación de Rúa:Seguimento individualizado.-

Paralelamente, continuose facendo a labor de educación na rúa e o seguimento individualizado e familiar dos mozos e mozas en situación de risco social, encamiñada a tratar de encauzar as súas espectativas; tanto de cara ó mundo laboral, na maioría dos casos tratando de que se integren previamente no Taller; como de cara á súa integración na dinámica social do barrio, promovendo a súa incorporación e implicación naquelas actividades que espertan o seu interese.

* Cursos de Formación Ocupacional

Solicitamos este ano da Consellería de Familia, Muller e Xuventude catro cursos de formación; dous deles dirixidos a mozos con especiais dificultades no mundo laboral tanto polo seu nivel académico como pola súa situación persoal; e outros dous dirixidos a complementar a formación de mozos do barrio que lles ampliara o seu curriculum no camiño de acadar o seu primeiro emprego. Non nos foi concedido ningún deles.

Compostela, Xaneiro de 1.998